



Transferencia de Crédito 005-T/20 (25/20)

Expte. Cividas: 2020016209

Expte. relacionado: 2020009892

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 25/06/2020 (ref.: JFC/117/2020), refrendado, na mesma data, pola Sra. Concelleira delegada de Facenda e polos Concelleiros delegados de Infraestruturas e Recursos Humanos, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Infraestruturas.

Visto o informe (ref.: 5-T/20) da Intervención Municipal de data 07/07/2020, no que se conclúe: “o expediente de modificación orzamentaria núm. 05-T/2020, modalidade de transferencia de crédito, infórmase negativamente por non axustarse á lexislación aplicable na materia, nomeadamente á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, con posibles consecuencias na fase de execución de gasto, por inadecuación do crédito orzamentario proposto”.

Vistos os posteriores informes, de data 17/07/2020, do Coordinador de Infraestruturas e Medio Ambiente refrendado polo Concelleiro delegado, e o informe-proposta, da mesma data, do Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria no que “a vista das consideracións recollidas no informe da Intervención Municipal obrante neste expediente” propón a modificación da aplicación orzamentaria 100.1531.61909, proposta inicialmente, pola 100.1532.61909 que se recolle nesta resolución.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, atendendo as conclusións dos informes, así como o disposto no número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**:

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 005-T/2020, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO:

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
100.1532.61909	Invest. trab.rep. pavimentación. Infraestruturas	600.000,00 €
100.1532.22706	Estudos e traballos técnicos Infraestruturas	64.000,00 €
100.1532.22707	Contratación traballos reparac. vías públicas	86.000,00 €
	Total Transferencias positivas	750.000,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO:



<u>Código</u>	<u>Descripción</u>	<u>Importe</u>
280.1500.12000	Soldos grupo A1. Urbanismo	66.000,00 €
280.1500.12001	Soldos grupo A2. Urbanismo	46.000,00 €
280.1500.12003	Soldos grupo C1. Urbanismo	17.000,00 €
280.1500.12004	Soldos grupo C2. Urbanismo	52.000,00 €
280.1500.12100	Complemento destino. Urbanismo	114.000,00 €
280.1500.12101	Complemento específico. Urbanismo	205.000,00 €
280.1522.12000	Soldos grupo A1. PERI	44.000,00 €
280.1522.12003	Soldos grupo C1. PERI	39.000,00 €
280.1522.12100	Complemento destino. PERI	51.000,00 €
280.1522.12101	Complemento específico. PERI	104.000,00 €
280.1610.12000	Soldos grupo A1. Enxeñería	12.000,00 €
	Total transferencias negativas	750.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Infraestruturas** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

